



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.es

Ref/ Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**EXPEDIENTE SELECCIÓN FUNCIONARIO INTERINO
TÉCNICO DE ADMINISTRACION XERAL**

FASE:DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS FASE OPOSICIÓN:

SEGUNDO EXERCIZO:

No **Salón de Plenos do Concello de Valga**, sendo as **10.00 horas** do día **17 de xaneiro de 2019**, reúnense, as seguintes persoas, todas elas membros do Tribunal encargado de valorar as probas selectivas para cubrir a praza de **FUNCIONARIO INTERINO, TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL**, vacante nesta Corporación

- **JUAN JOSÉ VIDAL VILANOVA**, Presidente do Tribunal.
- **JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE**, Secretario do Tribunal.
- **BEATRIZ OVEJA VILLAFAÑE**, Vogal do Tribunal.
- **MARIA TERESA ESCUDERO BARRAL**, Vogal do Tribunal.
- **ROSA ANA GARCÍA FERNÁNDEZ**, Vogal do Tribunal.

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da devandito praza, e previa convocatoria debidamente efectuada, procédese á realización e posterior avaliación do **segundo exercicio** fase de **oposición** de **carácter práctico**, a **elixir entre dous casos propostos polo Tribunal**, durante un período de **120 minutos**. O enunciado do suposto será proposto polo Tribunal inmediatamente antes do comenzo do exercizo e versará sobre os contidos das materias comprendidas no temario da convocatoria.

Este exercizo constará dos **dous apartados seguintes**:

-a) Consistirá en **desenvolver por escrito 10 cuestións con respota curta**, relacionadas co enunciado do caso práctico elixido.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.es

Esta parte do exercizo será **cualificada de 0 a 10 puntos**, sendo preciso alcanzar un **mínimo de 5 puntos** para superalo. **Os aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados.** O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. Todas as preguntas valóranse coa mesma puntuación.

-b) Cada aspirante deberá **redactar un informe relativo ao suposto práctico elixido** valorándose o estilo de redacción, a capacidade de síntese e os razoamentos empregados para chegar á solución.

Esta parte do exercizo será **cualificada de 0 a 10 puntos**, sendo necesario alcanzar un **mínimo de 5 puntos** para superalo. **Os aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados.** O Tribunal determinará o nivel de coñecemento esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

Para a resolución utilizarase a **aplicación MS Office.**

A **puntuación total deste exercicio será de 20 puntos.** Os aspirantes que non alcancen as puntuacións mencionadas anteriormente nos dous apartados anteriores serán eliminados.

Os aspirantes **poderán levar copia do seu exercicio.** Rematado o exercicio e antes da publicación das puntuacións, o Tribunal publicará o acta que acorda os **criterios de corrección na páxina web e no Taboleiro de anuncios de Valga.**

Reunido o Tribunal acórdase, previo consenso das dúas Aspirantes convocadas, as seguintes cuestións:

1º) Distribución horaria tempo exame:

- Realización en primeiro lugar **preguntas cortas: 30 minutos.**
- Realización en segundo lugar **informe xurídico: 90 minutos.**



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.es

2º) Posibilidade de utilización textos legais:

Autorízase o uso de textos legais **sen lexislación comentada nin xurisprudencia nin doutrina, e só para o informe xurídico.**

3º) Criterios corrección informe xurídico:

-A) estilo redacción: ata un **20% do total** deste apartado, valorando claridade de exposición, ortografía, aspectos formais do texto...

-B) capacidade de síntese: ata un **30% do total** deste apartado.

-C) razoamento e solución: ata un **50% do total**, valorando a interpretación y aplicación das normas xurídicas, exposición razoamento e fundamentación da conclusión final.

Rematada a realización do exercizo procédese á súa valoración co seguinte resultado:

a) Cuestións con resposta curta:

- 1.-CHAPELA GALLEGO, MARÍA DOLORES.....6,48 puntos
- 2.-MEZQUIRIZ MIGUEL, LAURA..... 4,45 “ (*)

()De acordo coas bases o Tribunal por unanimidade dos seus membros declara eliminada á aspirante MEZQUIRIZ MIGUEL, LAURA, por non acadar a puntuación mínima de 5 puntos esixidas para proceder á corrección do segundo exercizo de esta fase, non procedéndose, en consecuencia á valoración do informe xurídico realizado por esta aspirante.*

b) Informe Xurídico:

- CHAPELA GALLEGO, MARÍA DOLORES.....6 puntos (1+1+4)**

Posteriormente, este Tribunal acorda o anuncio do **resultado** deste segundo exercizo, xunto cos **criterios de corrección**, a través da **páxina web** do Concello e o **taboleiro de anuncios** da Corporación.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.es

RESULTADO FINAL SEGUNDO EXERCIZO FASE OPOSICIÓN:

1.-CHAPELA GARCÍA, MARÍA DOLORES.....12,48 puntos

2.-MEZQUIRIZ MIGUEL, LAURA.....4,45 “

Asemade. ao abeiro da bases sétima da convocatoria, acórdase a **publicación final do resultado deste proceso selectivo**, coa puntuación de todas as fases do mesmo (concurso +oposición), da aspirante que chegou á realización do derradeiro exercizo.

1.-CHAPELA GALLEGO, MARÍA DOLORES 32,38 puntos

Á vista do resultado final o **Tribunal**, ao abeiro da base oitava da convocatoria, **PROPOÑE** ó **Sr. alcalde-presidente** o nomeamento como **técnico de administración xeral interina do Concello de Valga** a Dna. **CHAPELA GALLEGO, MARÍA DOLORES, DNI Nº 78735695-W**, por ser a aspirante que obtivo a maior puntuación.

A aspirante proposta deberá achegar ante o Concello de Valga, dentro do prazo de vinte días naturais desde que se publiquen as listas de aprobado, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Se dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deduce que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar únicamente certificación do Organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.es

O alcalde-presidente deberá nomear funcionaria á aspirante proposta, no prazo de dez días a contar desde a terminación dos vinte días anteriores. O nomeamento mencionado publicárase no DOG e no BOP de Pontevedra. Unha vez publicado o nomeamento de funcionaria, ésta deberá tomar posesión e incorporarse no prazo dun mes.

A aspirante proposta quedará suxeita, en todo caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/84, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

O Presidente dá por rematada a Sesión ás 14.15 h horas do día da data e no lugar indicado.

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

O SECRETARIO DO TRIBUNAL

ASDO JUAN JOSÉ VIDAL VILANOVA

ASDO. JUAN M SALGUERO DEL VALLE

OS VOGAIS:

ASDO BEATRIZ OVEJA VILLAFANE

ASDO MARIA TERESA ESCUDERO BARRAL

ASDO ROSA ANA GARCÍA FERNÁNDEZ

